# XXXI FESTA DA BICICLETA 2021
# MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR

## ANTECEDENTES

**Por mor do estado de alarma sanitario que estamos padecendo pola pandemia da COVID-19 e despois da publicación por parte das administracións competentes da Orde do DOG Núm. 38-Bis do 25 de febreiro de 2021** pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vémonos obrigados a presentar o seguinte:

## REGULAMENTO XERAL

A nova edición da **Festa da Bicicleta 2021** terá un carácter especial, desenvolvéndose a través dunha fórmula semi virtual:

- Inscricións virtuais e gratuítas para todos os interesados
- Realización dun percorrido libre: onde e cando se queira pero garantindo cumprir con exactitude o presente regulamento, así como os protocolos COVID vixentes no momento de realización da proba.

### 1. DATA DO EVENTO

A XXXI Festa da Bicicleta 2021 desenvolverase **dende as 00:00 h do día 1 de maio e ata as 24:00 h do día 17 de maio**. Os interesados terán eses 17 días para inscribirse e realizar os percorridos pertinentes. Deste xeito recibirán, pola súa participación, o diploma acreditativo neste especial ano 2021.

### 2. INSCRICIÓNS

As persoas interesadas en participar deberán descargar nos seus dispositivos móbiles a aplicación **saudeter**, totalmente gratuíta. Accedendo dende a app ao apartado "Festa da Bicicleta do Val Miñor", poderán elixir a distancia do percorrido (10 km para maiores de 7 anos e 4km para menores de 7 anos) e o Concello polo que desexan participar (Gondomar ou Baiona). Optarán así ao sorteo dunha bicicleta en función do Concello seleccionado. A elección da modalidade segundo o Concello é totalmente libre, sen prexuízo do lugar de residencia.

Só se permite unha única inscrición por parte dos interesados.

Para formalizar a inscrición, deberán cubrirse os formularios solicitados dende a devandita aplicación, que cumpren as normativas referentes á protección de datos.

Estipularase un máximo de participantes por Concello, sendo o único requisito esixible a orde cronolóxica de inscrición.

A aplicación poderá descargarse accedendo á páxina www.saudeter.com e a través da App Store (Apple) ou Google Play Store (Android), escribindo na barra de busca saudeter.

## 3. PERCORRIDOS

Establécese un percorrido mínimo de 10 km para os maiores de 7 anos e 4 km para os menores de 7 anos. De cara a facilitar ao máximo a participación, o itinerario destes percorridos será totalmente libre, tendo como única obriga o cumprimento da distancia mínima estipulada (10 km e 4 km segundo a idade). Así mesmo, os interesados poderán realizar a proba en calquera momento entre o  día 1 de maio e o día 17 de maio, buscando o percorrido e horario que mellor se axuste ás súas condicións.

Será obrigatorio o uso de casco e máscara para realizalo, mantendo as necesarias distancias de seguridade que marcan os protocolos COVID.

## 4. VALIDACIÓN DA PARTICIPACIÓN

Tendo acadada a distancia mínima esixida, dende a propia aplicación saudeter poderase:

- Sacar diploma acreditativo (nome do participante, distancia feita e tempo).
- Foto de recordo (quen así o desexe poderá obter un recordo desta especial edición, autorizando aos organizadores da proba ao uso da mesma).

## 5. SORTEO

O día 18 de maio ás 12.00h, efectuarase en Baiona o sorteo de dúas bicicletas, unha por cada un dos Concellos colaboradores (Baiona e Gondomar). Todos aqueles participantes que teñan concorrido baixo o presente regulamento, entrarán a formar parte deste sorteo en función do Concello polo que realizaran a súa inscrición.

EXCMO. CONCELLO DE BAIONA

CONCELLO DE GONDOMAR